



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 17 DE XULLO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove e trinta horas do día deza sete de xullo de dous mil trece, reúnese a Mesa de contratación para a adxudicación das obras de “Instalación da iluminación ornamental durante as festas de Verán e Nadal 2013 e Entroido 2014”, presidida polo Concelleiro de Goberno responsable da área de Facenda e Medio Ambiente, don Raimundo González Carballo, por delegación da súa Excelencia o Sr. Alcalde; asisten o Enxeñeiro adxunto ao Enxeñeiro xefe da OTAMIES, don Manuel Torres Corredoira; A Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de Contratación, dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria da Mesa, que da fe do acto.

Constituída a Mesa e previamente ao acto de apertura dos “SOBRES C: subtítulo “proposición u oferta: criterios evaluables automaticamente mediante fórmula” das proposicións presentadas, pola Secretaria da Mesa dase do informe emitido polo Enxeñeiro adxunto ao Enxeñeiro xefe da OTAMIES, que se acepta por unanimidade e incorpórase ao expediente, sendo as puntuacións do “Sobre B” as seguintes:

EMPRESA	ILUMINACIONES UMIA S.L.	ILUMINACIONES BLANCO RIEINUVE S.L.	ILUMINACIONES PINTOS S.L.
MELLORA DESEÑO DOS ARCOS	0	0	10
MELLORA DO NÚMERO DE ELEMENTOS	30	2,4	0
TOTAL	30	2,4	10

seguidamente procédese en acto público a apertura dos sobres, sendo as seguintes puntuacións :

### DOCUMENTACIÓN SOBRE C: proposición u oferta: criterios evaluables automaticamente mediante fórmula:

**1-ILUMINACIONES BLANCO RIEINUVI S.L.:** que formula a seguinte oferta: PRECIO: 62.000,00 € máis o IVE 13.020,00 €, sendo o total de 75.020,00 €, ofertando como melloras:

- Nas festas de Santiaguíño instalarían na recta da ponte de Santiago en vez de 12 puntos, 18 figuras nas farolas.
- Na Peregrina propón colocar entre 5 e 7 arcos na rúa Echegaray.
- Ademais ofrece 10 arcos a maiores na festas da Peregrina para onde crea convinte colocar o Concello e outros 10 arcos a maiores no Nadal onde crea oportuno o Concello.

**2-ILUMINACIONES PINTOS S.L.:** que formula a seguinte oferta: PRECIO: 66.076,40 €, máis o IVE 13.876,04 €, sendo o total de 79.952,44 €, ofertando como melloras: ampliación das instalacións noutras rúas diferentes das previstas no anexo técnico aportado.

**3-ILUMINACIONES UMIA S.L.:** que formula a seguinte oferta: PRECIO: 66.120,00 € máis, o IVE 13.885,20 €, sendo o total de 80.005,20 €, ofertando como melloras: unha relación de ampliación de arcos durante as festas de Nadal.

O Presidente ordena a incorporación das ofertas presentadas ao expediente, e acordase a súa remisión ao Enxeñeiro adxunto a Enxeñeiro xefe da OTMAIE, para o seu estudo e realización do correspondente informe, e reuniráse a Mesa novamente ás 13:30 horas.

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.